

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

869 *Real decreto 2131/2008, do 26 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 782/2001, do 6 de xullo, polo que se regula a relación laboral de carácter especial dos penados que realicen actividades laborais en talleres penitenciarios e a protección de Seguridade Social dos sometidos a penas de traballo en beneficio da comunidade.*

A protección de Seguridade Social das persoas condenadas a penas de traballo en beneficio da comunidade regúlase no capítulo IX do Real decreto 782/2001, do 6 de xullo, constituído polos artigos 22 e 23 da citada norma regulamentaria, onde se sinala que esa protección vai referida á cobertura das contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais que poidan sufrir as devanditas persoas no cumprimento das citadas penas.

Establécese, igualmente, que as persoas xurídicas en cuxo ámbito de organización e dirección os devanditos penados realicen o traballo, cotizarán polas referidas contingencias aplicando a tarifa de primas vixente ao tope mínimo de cotización, e cumpriran as demais obrigas para coa Seguridade Social.

Dado que a execución destas penas se deberá realizar coa flexibilidade necesaria para que non interfira na vida e actividades cotiás do penado, os días e horarios para a súa execución son irregulares na gran maioría dos casos, realizándose frecuentemente en fins de semana, o que, pola súa vez, dificulta o cumprimento adecuado das obrigas de Seguridade Social en canto á comunicación das altas e baixas por parte das persoas xurídicas antes indicadas.

Para os efectos de superar as dificultades sinaladas e posibilitar un correcto cumprimento das penas e das actuacións administrativas que comporta a súa execución en materia de seguridade social, faise preciso que sexa o propio Ministerio do Interior o que asuma as obrigas relativas á cobertura coa Seguridade Social das contingencias profesionais dos sentenciados a penas de traballo en beneficio da comunidade.

Por outra banda, dado o elevado volume de xestión que o exercicio desa competencia pode supor para o citado departamento ministerial, resulta necesario ter en conta unha serie de particularidades no seu desempeño, de forma que se faciliten os trámites para a cobertura dos devanditos penados e, ao mesmo tempo, a Seguridade Social poida controlar o colectivo en cuestión, para os efectos de garantir o seu correcto aseguramento.

Ao logro desa dobre finalidade vai dirixido este real decreto, mediante o que se dá nova redacción aos artigos 22 e 23 da mencionada norma e se introducen as previsións necesarias para o adecuado cumprimento das obrigas en materia de seguridade social en relación coas persoas sentenciadas á pena de traballo en beneficio da comunidade.

Na súa virtude, por proposta conxunta dos ministros de Traballo e Inmigración e do Interior, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de decembro de 2008,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación do Real decreto 782/2001, do 6 de xullo, polo que se regula a relación laboral de carácter especial dos penados que realicen actividades laborais en talleres penitenciarios e a protección de Seguridade Social dos sometidos a penas de traballo en beneficio da comunidade.

O capítulo IX do Real decreto 782/2001, do 6 de xullo, polo que se regula a relación laboral de carácter especial dos penados que realicen actividades laborais en talleres penitenciarios e a protección de Seguridade Social dos sometidos a penas de traballo en beneficio da comunidade, queda redactado nos seguintes termos:

«CAPÍTULO IX

Protección de Seguridade Social dos sentenciados á pena de traballo en beneficio da comunidade

Artigo 22. *Protección da Seguridade Social.*

Os sentenciados á pena de traballo en beneficio da comunidade que a estean cumprindo, unicamente estarán incluídos na acción protectora do réxime xeral da Seguridade Social para os efectos das contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais polos días de prestación efectiva do devandito traballo. A cobertura das ditas contingencias corresponderá ao Instituto Nacional da Seguridade Social.

O Ministerio do Interior asumirá as obrigas que para a cobertura das contingencias indicadas se establecen no artigo seguinte.

Artigo 23. *Relaciones xurídicas de Seguridade Social.*

1. Para os efectos da cotización pola cobertura prevista no artigo anterior procederase á afiliación e/ou alta dos devanditos penados no réxime xeral da Seguridade Social, con efectos desde o día inicial do cumprimento da pena. A baixa no citado réxime solicitarase unha vez que finalice a execución da pena, con efectos desde o día de finalización desta e sen que proceda a comunicación de altas e baixas intermedias polos días de prestación efectiva de traballo.

2. A cotización polas contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais efectuarase aplicando ao tope mínimo de cotización fixada en cada exercicio no réxime xeral da Seguridade Social o tipo de cotización establecido na tarifa de primas vixente que corresponda á actividade económica de prestación de servizos á comunidade en xeral (CNAE-09.84.2), e o ingreso das cotas que procedan a favor da Tesouraría Xeral da Seguridade Social efectuarase, con carácter anual, dentro dos quince (15) primeiros días do mes de decembro de cada exercicio.

Para tal efecto, o Ministerio do Interior certificará os importes debidos correspondentes ás cotizacións xeradas nos doce (12) meses naturais anteriores, nos termos e cos requisitos que determine a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

3. Para os efectos do recoñecemento e pagamento das prestacións que se poderían causar polas contingencias indicadas e como título acreditativo para a súa cobertura, o Ministerio do Interior emitirá os partes de accidentes de traballo, polo procedemento legalmente establecido, cando estes se produzan como consecuencia dos traballos realizados en cumprimento das penas en beneficio da comunidade.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de decembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ